

## PROCEDEMENTO CENTROS ASOCIADOS CON PERSOAL ADMITIVO. PROPIO

Como complemento ao establecido nas Instrucións 1 e 2/2013 modifícase o procedemento na Aplicación informática Comedores para os centros asociados que contan con persoal de apoio administrativo, segundo a continuación se detalla:

A) Procedemento que lle corresponde realizar ao Centro con comedor:

- Altas e baixas usuarios (alumnos e colaboradores) correspondentes ao propio centro educativo. Ademais deberán confirmar aos citados usuarios e descargar os impresos de pagamento, no seu caso, para poñelos ao dispor dos suxeitos pagadores.
- Sobre os colaboradores correspondentes aos centros asociados, unha vez que o centro asociado proceda a dar de alta ao colaborador, o Centro con comedor realizará a xestión destes colaboradores, engadido a súa confirmación, de igual xeito que a realizada cos colaboradores do propio Centro con comedor.

B) Procedemento que lle corresponde realizar ao Centro Asociado:

- Altas e baixas usuarios correspondentes ao alumnado do Centro asociado. Ademais deberán confirmar aos citados usuarios e descargar os impresos de pagamento, no seu caso, para poñelos ao dispor dos suxeitos pagadores.
- Sobre os colaboradores correspondentes aos Centros asociados, o Centro asociado unicamente procederá a dar de alta ao colaborador.

Estes cambios estarán dispoñibles na aplicación comedores a partir de mañá mércores 16 de outubro de 2013.

Para calquera dúbida, poden realizar consultas a través do enderezo de correo electrónico [comedores.santiago@edu.xunta.es](mailto:comedores.santiago@edu.xunta.es)

Santiago, 15 de outubro de 2013.

Secretaría Xeral Técnica. Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.